



Consumen alcohol os nosos rapaces?

Este estudo ten como obxectivo avaliar a presenza de consumo de alcohol entre os escolares galegos. Para este fin, realizouse unha enquisa a unha mostra aleatoria e representativa de escolares entre 11 e 16 anos, pertencentes a 17 centros educativos de Galicia. O 36.4% dos enquisados indicou que consumira alcohol nalgunha ocasión, e o 7.3% afirmou que o consumía semanalmente. A idade media á que din que probaron a primeira cervexa foi aos 10.7 anos, o viño aos 9.7, e as bebidas de alta graduación aos 11.2. Os resultados mostran que o consumo de alcohol na nosa comunidade comeza a idades moi temperás. Entendemos, daquela, que a devandita problemática debe abordarse no eido preventivo dende a educación primaria.

M.ª del Carmen Míguez Varela
Elisardo Becoña Iglesias

Universidade de Santiago de Compostela
pcmcm@usc.es
pcelisar@usc.es


Palabras clave

Consumo, alcohol, escolares galegos.

O alcohol é a droga de abuso máis estendida no mundo, e España ocupa un dos primeiros postos no tocante ao seu consumo. No ano 2003, a proporción de españois, entre 15 e 64 anos, que consumira nalgunha ocasión bebidas alcohólicas nos 12 meses e nos 30 días anteriores, foi do 76.6% e 64.1%, respectivamente (Plan Nacional sobre Drogas, 2005). Este consumo representa un problema de saúde pública no noso

país, que repercute social e sanitariamente de modo importante, e que afecta a unha poboación cada vez máis nova (Becoña e Calafat, 2006; Espada, Méndez e Hidalgo, 2000). Ademais, o alcohol é unha das substancias de acceso ao consumo doutras drogas (Arévalo, Masip e Abecia, 1997) e, entre os mozos, é un dos principais responsables da mortalidade por accidentes de tráfico (Casas e López, 1996). Debido a isto, é importante detectar

Figura 1. Porcentaxe de consumidores de cervexa, viño e copas “nalgunha ocasión”



a súa presenza en idades temperás para tentar intervir o antes posible ante o inicio do seu consumo.

Xeralmente os patróns de consumo de alcohol adoitan agruparse en dous tipos: o primeiro ligado aos hábitos de alimentación. Neste caso, trátase dun consumo diario de alcohois de baixa graduación (cervexa e viño) que se dá acotío en persoas adultas. O segundo patrón, o realizado na actualidade polos mozos, caracterízase pola inxestión de alcohois destilados e cervexa, preferentemente durante as fins de semana e, sobre todo, con fins recreativos (Plan Nacional sobre Drogas, 2005).


Como acontece co tabaco, nos últimos anos observouse un incremento no consumo na poboación adolescente (ESPAD, 2003) e un inicio nel cada vez máis precoz. Pero o desacougante non é só que aumentase a porcentaxe de consumidores abusivos de alcohol entre os adolescentes, senón tamén a forma en que se consome, e o significado que ten o seu consumo para moitos. É dicir, que un

rapaz de 14 anos necesite embriagarse todas as fins de semana para conseguir divertirse e, ademais, que faga unha valoración positiva da dita conduta, é un dato moi significativo que vai máis alá do que é meramente o consumo de alcohol.

Realizar unha análise da prevalencia de consumo na poboación escolar, en diferentes momentos temporais, proporciónanos información sobre o alcance da devandita problemática ao longo do tempo, posto que as actuacións de carácter preventivo deben adaptarse á necesidade real de cada momento. Ademais, é importante coñecer a idade de proba e inicio do consumo dunha substancia, porque nos permite establecer o intervalo de idade máis adecuado para intervir no eido preventivo.

No presente estudo avalíouse, nunha mostra representativa de escolares galegos, a prevalencia do consumo de alcohol. Fíxose tamén unha análise do tipo de bebidas que máis se consumían e a súa idade de proba.

Figura 2. Consumidores de alcohol á semana



Método

Realizouse unha entrevista a unha mostra aleatoria, estratificada por provincia e tamaño do municipio, de 1.447 estudantes de ensinanza obrigatoria pertencentes a 17 centros educativos (públicos e privados) de Galicia. As unidades de mostra de cada centro (clase) seleccionáronse ao chou. A idade media da mostra foi de 12.8 anos (DT= 1.17), cun abano de idade de 11 a 16 anos, concentrándose o groso da mostra entre os 12 e 13 anos. O 55.1% (n= 797) eran varóns, e o 44.9% (n= 650) mulleres.

Para avaliar o consumo de alcohol, empregouse un cuestionario anónimo, de tipo autoadministrado, no que se recollían distintas variables sociodemográficas dos suxeitos (ex., sexo, idade) e datos sobre o consumo de alcohol, tales como presenza/ausencia de consumo, frecuencia de consumo de diferentes grupos de bebidas: cervexa, viño e bebidas de alta graduación (licores, cubalibres ou combinados), e idade de proba de cada unha delas.



Táboa 1

Consumidores de alcohol/semana por substancia e en función do xénero (11-16 anos)					
	Varóns		Mulleres		x ²
	n	%	n	%	
Cervexa	69	8.7	29	4.5	9.98**
Viño	53	6.6	14	2.2	6.39***
Copas	47	5.9	27	4.2	2.24, n.s.

**p<0.01
***p<0.001

Resultados

O 36.4% (n= 526) dos escolares enquisados di ter probado alcohol nalgunha ocasión. Tendo en conta os diferentes tipos de bebida (figura 1), indican que consumiron cervexa, nalgunha ocasión, o 24.7% (n= 358) dos suxeitos, viño o 19.4% (n=281), e bebidas de alta graduación o 17.1% (n= 248).

A prevalencia de consumidores de alcohol á semana (figura 2) foi do 7.3% (n= 105), encontrándose diferenzas significativas ($\chi^2(1)=16.88$, $p<0.001$) en función do xénero (9.8% en varóns e 4.2% en mulleres).

Das bebidas avaliadas, a cervexa é a máis consumida. En canto ao consumo semanal, achamos que o 6.8% dos suxeitos informan do consumo de cervexa, o 4.6% admiten consumir viño e, para bebidas de alta graduación, a porcentaxe é do 5.1%. Na análise do consumo das diferentes substancias, atopamos unha maior implicación no consumo nos varóns (táboas 1 e 2), chegando a ser o triplo no

caso do viño (6.6% vs. 2.2%) ($\chi^2(1)=16.39$, $p<0.001$) e o dobre para o consumo de cervexa (8.7% vs 4.5%) ($\chi^2(1)=9.98$, $p<0.001$). No consumo de copas, aínda que se dá unha maior proporción de consumidores varóns (5.9% vs. 4.2%), non se obtiveron diferenzas significativas.

A idade media á que se probaron as distintas bebidas foi de 10.7 anos (DT= 2.28) para a cervexa, 9.7 (DT= 2.57) para o viño, e 11.2 (DT= 2.40) para as copas. A idade media de inicio do consumo é inferior para os varóns nos distintos tipos de substancias avaliadas, obtendo diferenzas estatisticamente significativas entre ambos os dous grupos (táboa 3), tanto para a cervexa (10.33 vs. 11.42 anos) ($t= 4.38$, $p< 0.001$), como para o viño (9.46 vs. 10.30 anos) ($t= 2.54$, $p< 0.05$) e as bebidas de alta graduación (licores/combinados) (10.93 vs. 11.70 anos) ($t= 2.74$, $p<0.01$).

Discusión

Considerando que o 36.4% dos suxeitos

desta mostra di que consome alcohol nalgunha ocasión, e o 7.3% manifesta beber cunha frecuencia semanal, estes datos indican que, dada a curta idade dos entrevistados, a prevalencia de consumo nos nosos escolares é elevada. Ademais, o seu primeiro contacto co alcohol comeza a idades moi temperás, arredor dos 10 anos, sendo o inicio máis precoz nos varóns, dato este último observado tamén en enquisas relativas á poboación xeral española (Plan Nacional de Drogas, 2005).

Hai que salientar que as porcentaxes de consumo atopadas neste estudo son inferiores ás encontradas en investigacións similares realizadas noutras localidades españolas. Así, a xeito de exemplo, Espada, Méndez e Hidalgo (2000) informan que o 68% dunha mostra de adolescentes de Elche, entre 11 e 17 anos, probaron alcohol nalgunha ocasión e o 38% son bebedores habituais. De forma específica, Pallicer (1991) achou nunha mostra de alumnos de 8.º de EXB de Ibiza e Formentera, que probaran alcohol o 72%, aínda que eran bebedores regulares

Distribución do consumo de alcohol segundo o tipo de bebida e a frecuencia de uso tendo en conta o xénero (11-16 anos)

	NA VIDA				ÚLTIMO ANO				x2		
	Nunca		1 ou 2 veces		Algunhas veces ao ano		Varias veces ao ano			Todos os días	
	n	%	n	%	n	%	n	%	n	%	
Cervexa											36.00***
Varón (n= 797)	554	50.9	147	63.9	64	73.6	31	77.5	1	100	
Muller (n= 650)	535	49.1	83	36.1	23	26.4	9	22.5	0	0.0	
Viño											33.26***
Varón (n= 797)	602	51.6	129	65.5	44	80.0	17	73.9	5	83.3	
Muller (n= 650)	564	48.4	68	34.5	11	20.0	6	26.1	1	16.7	
Copas											3.06, n.s.
Varón (n= 797)	656	54.7	72	52.6	43	60.6	25	65.8	1	50.0	
Muller (n= 650)	543	45.3	65	47.4	28	39.4	13	34.2	1	50.0	

*** p<0.001

Táboa 2

só o 5%, porcentaxe semellante á encontrada no presente estudo. Á parte das diferenzas culturais que poidan existir entre comunidades, e que incidan no inicio e prevalencia do consumo dunha determinada substancia, cómpre ter en conta que o rango de idade da mostra actual é de 11 a 16 anos, cunha idade media de 12.8. Esta idade é inferior ás mostras de estudos similares pois, a non ser os estudos anteriormente comentados, a idade media das mostras utilizadas en España, para o estudo da prevalencia do consumo de alcohol, así como doutras drogas, sitúase arredor dos 15-16 anos (Cruz e Cruz, 1993; Jiménez e Outros, 1997; Lora e Outros, 1996; Muñoz-Rivas, 1999; Sáiz e Outros, 1999). Tendo en conta que a idade marca a prevalencia de

consumo de calquera substancia, posto que a proporción de consumidores é maior canto maior é a idade dos enquisados, era de agardar que a porcentaxe de consumidores neste estudo fose inferior á atopada noutras de características similares, pero con poboacións de idades superiores.

Sinalar que a bebida preferida polos nenos e adolescentes da nosa mostra é a cervexa, ao igual que noutros estudos previos realizados con poboación escolar española (Alonso, Rosado, Ruiz-Morote e Alonso, 1997). Esta preferencia en Galicia mudou ao longo dos anos, pois estamos a falar dunha comunidade produtora de viño, que considera este un alimento máis da dieta, ademais dun aspecto cultural, familiar, e un elemento socializador moi

importante, presente en todo tipo de festas e reunións. Isto levou a que no ámbito familiar se considere o viño cultivado na casa como un produto natural carente de riscos para a saúde e, polo tanto, de consumo habitual entre todos os membros da familia, incluídos os nenos. De aí que, ata os anos 90, cando se realizaban estudos epidemiolóxicos, se encontrasen consumos máis elevados de viño entre os nenos e adolescentes do ámbito rural, respecto aos do ámbito urbano, e en máis do 90% dos casos realizados no seo familiar.

Tendo en conta o xénero, os rapaces mostran un consumo superior ás rapazas en todos os tipos de bebidas. Tamén a idade media á que probaron as diferentes bebidas é anterior nos nenos (10 vs. 11



Idade media de proba do consumo das diferentes bebidas
en función do xénero (11-16 anos)

	Varóns		Mulleres		t
	M	DT	M	DT	
Cervexa	10.33	2.34	11.42	1.95	4.38***
Viño	9.46	2.58	10.30	2.47	2.54*
Copas	10.93	2.64	11.70	1.92	2.74**

*p<0.05
**p<0.01
***p<0.001

Táboa 3

anos, respectivamente). O inicio máis precoz dos varóns en case un ano de media obsérvase, así mesmo, no estudo de EDIS (2007) na poboación xeral de Galicia.

Se consideramos que, dende que se proba de forma experimental unha droga, ata que se inicia o seu consumo, transcorren de dous a tres anos, os datos obtidos corresponderíanse cos atopados noutras investigacións (ex., Espada e Outros, 2000), que estableceron os 12-13 anos como a idade na que os adolescentes inician o consumo.

No aspecto epidemiolóxico, coñecer a idade de contacto ou experimentación co alcohol é un dato de grande relevancia (Pons, 1998), xa que permite predicir cando se inicia o consumo de forma habitual e posibilita desenvolver programas preventivos nas idades máis axeitadas para evitar o inicio do consumo (Becoña, 2002). A través deste estudo, constatamos a necesidade de abordar esta problemática xa dende a educación primaria, posto que

neste caso a idade de proba para as distintas bebidas alcohólicas se sitúa entre os 10 e 11 anos, que correspondería co último curso desta etapa.

Non cabe dúbida de que a acción educativa e preventiva en escolares se fai imprescindible para diminuír a actual prevalencia de consumo de alcohol e evitar que, aqueles que o probaron nalgunha ocasión, e aínda non consolidaron o hábito, cheguen a desenvolver un patrón de consumo estable.

Bibliografía

ALONSO, J., ROSADO J., RUIZ-MOROTE, R. e ALONSO, J. (1997) Consumo de alcohol y adolescencia: estudio epidemiolóxico descriptivo. *Atención Primaria* (19) 183-187.

ARÉVALO, J. M, MASIP, G. P. e ABECIA, L. C. (1997) Consumo de alcohol en una muestra de estudantes universitarios. *Revista Española de Drogodependencias* (22) 15-34.

BECOÑA, E. (2002) *Bases científicas de la prevención de las drogodependencias*. Madrid, Plan Nacional sobre Drogas.

BECOÑA, E. e CALAFAT, A. (2006) *Alcohol y jóvenes*. Madrid, Pirámide.

CASAS, J. e LÓPEZ, J. P. (1996) Patrón de consumo juvenil de alcohol y problemas asociados. *Medicina Clínica* (107) 544-548.

CRUZ, M. A. e CRUZ, M. (1993) Prevalencia del consumo de alcohol y tabaco en una población adolescente. *Revista Española de Drogodependencias* (18) 71-84.

EDIS (2007) *O consumo de drogas en Galicia VIII*. Santiago, Xunta de Galicia. Consellería de Sanidade-SERGAS.

ESPADA, J. P., MÉNDEZ, F. X. e HIDALGO, M. D. (2000) Consumo de alcohol en escolares: descenso de la edad de inicio y cambios en los patrones de ingesta. *Adicciones* (12) 57-64.

European School Survey Project on Alcohol and Other Drugs (ESPAD) (2003). *The 1999 ESPAD Report*. The Swedish Council for Information on Alcohol and Other Drugs.

JIMÉNEZ, M. C., CABRERO, E., PORRES, D., LUNA, J. D. e LUNA, A. (1997). El consumo de bebidas alcohólicas durante el fin de semana por adolescentes en el área de Alicante. *Adicciones* (9) 171-179.

LORA, N., RUIZ, R., JIMÉNEZ, J. M., PERULA DE TORRES, L. A., VICENTE RUEDA, J. e RODRÍGUEZ, F. (1996) Prevalencia de consumo de drogas entre los escolares de BUP de Córdoba. *Adicciones* (8) 219-234.

MUÑOZ-RIVAS, M. J., ANDREU, J. M., GRAÑA, J. L., ESBEC, E. e PEÑA, M. E. (1999) Alcohol y tabaco: prevalencias de consumo en adolescentes de la comunidad de Madrid. *Revista Española*

de Psiquiatría Forense, Psicología Forense y Criminología (8) 23-36.

PALLICER, A. (1991) Consumo de alcohol, tabaco y otras drogas entre escolares de 8.º de E.G.B. de Ibiza e Formentera. *Adicciones* (3) 67-74.

Plan Nacional sobre Drogas (2005) Observatorio español sobre Drogas 2004. Madrid, Ministerio de Sanidad y Consumo-Plan Nacional sobre Drogas.

PONS, J. (1998) Descripción de los hábitos de consumo de bebidas alcohólicas en los adolescentes de la ciudad de Valencia. *Adicciones* (10) 305-314.

SÁIZ, P., GONZÁLEZ, M. P., JIMÉNEZ, L., DELGADO, E., LIBOREIRO, M. J., GRANDA, B. e BOBES, J. (1999) Consumo de alcohol, tabaco y otras drogas y rasgos de personalidad en jóvenes de

enseñanza secundaria. *Adicciones* (11) 209-220.

Agradecimentos: Agradecemos a todos consellos escolares e directores dos 17 centros que participaron neste estudo que nos facilitasen o acceso a estes para a súa realización. Sentímonos, así mesmo, moi agradecidos coa colaboración dos estudantes que responderon ao cuestionario, pois sen a súa participación non sería posible a realización do estudo. Tamén ás direccións provinciais de Educación da Coruña, Lugo, Ourense e Pontevedra, á Inspección de cada unha delas e á Dirección Xeral de Ordenación Educativa e de Formación Profesional da Consellería de Educación da Xunta de Galicia, pola súa colaboración e as facilidades dadas.

Data de aceptación definitiva: 06/02/07